



Escola
Oficial
de
Idiomas

Manual para o alumnado

Curso 2016-2017

ÍNDICE

1. **Calendario escolar 2016/2017**
2. **Horario do alumnado**
3. **Modificacións na oferta educativa**
4. **Cambios de grupo**
5. **Titorías**
6. **Ausencias do profesorado**
7. **Control de asistencia do alumnado**
8. **Control de asistencia do alumnado menor de idade**
9. **Alumnado con necesidades especiais**
10. **Avaliación**
 - 10.1. *Avaliación nos cursos de promoción*
 - 10.2. *Avaliación nos cursos de certificación*
 - 10.3 *Avaliación no programa That's English!*
11. **Información, comunicación e procedemento de reclamación dos resultados da avaliación**
12. **Convocatorias, permanencia e asistencia**
13. **Matrícula**
14. **Fotocopias**
15. **Biblioteca**
16. **Alumnado colaborador na sede central da E.O.I. de Vigo**
 - 16.1. *Alumnado colaborador de biblioteca*
 - 16.2. *Alumnado colaborador para o equipo de dinamización lingüística*
17. **Xunta de representantes do alumnado**
18. **Puntos de información para o alumnado**
19. **Asociacións de alumnado**
20. **Cafetería**
21. **Uso de móbiles durante as actividades lectivas**
22. **Horarios de atención**
23. **Contacto**

1. Calendario escolar 2016/2017

- a) As actividades lectivas realizaranse entre os días 15 de setembro de 2016 e o 30 de xuño de 2017, ambos inclusive segundo a ORDE do 7 de xuño de 2016 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2016/2017 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Períodos de vacacións:
- Nadal: dende o día 22 de decembro de 2016 ata o día 6 de xaneiro de 2017, ambos inclusive.
 - Entroido: días 27 e 28 de febreiro e 1 de marzo de 2017.
 - Semana Santa: do día 10 ata o 17 de abril de 2017, ambos inclusive.
- c) Festivos locais:
- Martes 28 de marzo: Reconquista.
- d) Días non lectivos:
- Luns 12 de outubro: Día da Hispanidade (festivo nacional).
 - Luns 31 de outubro: Día do ensino.
 - Martes 6 de decembro: Día da Constitución (festivo nacional).
 - Xoves 8 de decembro: Día da Inmaculada Concepción (festivo nacional).
 - Mércores 17 de maio: Día das Letras Galegas (festivo da comunidade de Galicia).
 - 1 día proposto polo Consello Escolar en substitución do segundo festivo local, non coincidente con días de clase (artigo 7.2 da devandita orde).
 -

2. Horario do alumnado

- a) Con carácter xeral, o horario semanal dos cursos ordinarios é de 4½ horas repartidas en 3 sesións semanais de 1½ horas cada unha ou en 2 sesións semanais de 2¼ horas cada unha. O curso académico ordinario consta dun mínimo de 130 horas lectivas.
- b) O horario dos cursos CALC é de 4½ horas repartidas en 2 sesións semanais de 2¼ horas cada unha, e o horario dos cursos de nivel C1 é de 4 horas repartidas en 2 sesións semanais de 2 horas cada unha. O curso académico consta nestes casos dun mínimo de 120 horas lectivas.
- c) O horario semanal das titorías de That's English! é de 1½ horas.
- d) Os horarios, profesorado e aulas asignadas poderán consultarse na páxina web da escola, e nos taboleiros dos departamentos.

3. Modificacións na oferta educativa

A Inspección Educativa pode suprimir un curso por falta de alumnado (Artigo 19 da [Orde do 5 de agosto de 2011](#)). O alumnado xa matriculado nun curso que sexa suprimido terá prioridade para ser matriculado noutra hora da súa preferencia, e, no caso de non existir

horario que lle conveña, ten dereito a solicitar a anulación da súa matrícula con devolución das taxas pagadas.

4. Cambios de grupo

- a) Unha vez rematado o período de matrícula o día 14 de outubro de 2016, abrirase un prazo para solicitar cambios de grupo do 17 ao 21 de outubro, ámbolos dous inclusive.
- b) Atenderanse os cambios de grupo, sempre que se presente xustificación laboral ou académica.
- c) Os cambios de grupo só serán posíbeis no caso de que se produzan vacantes.
- d) A resolución publicarase nos taboleiros do centro o 28 de outubro.

5. Titorías

- a) O profesorado terá 1 hora semanal de titoría para os 4 grupos que imparte.
- b) Os horarios das titorías poderán consultarse na páxina web da E.O.I. de Vigo e nos taboleiros dos departamentos.
- c) A acción titorial pode ser presencial ou telemática, a criterio do/a profesor/a. No caso de accións titoriais non presenciais, por correo e/ou plataformas educativas (p.e. Aula Cesga) o alumnado deberá ter en conta que o profesorado atenderá as consultas no seu horario de titoría.
- d) Os/as xefes/as de departamento terán 2 horas semanais de atención ao alumnado. O horario de atención pode consultarse na páxina web da E.O.I. de Vigo e nos taboleiros dos departamentos.

6. Ausencias do profesorado

- a) En caso de ausencias previstas, o profesorado informará ao alumnado nas aulas, e publicarase na páxina web da E.O.I. de Vigo (premer o menú superior [Ausencias do profesorado](#)).
- b) Para coñecer as ausencias imprevistas coa maior brevidade, aconséllase que o alumnado de cada grupo se organice para avisarse da maneira que consideren máis axeitada (teléfono, correo electrónico, mensaxe de texto, etc.) O centro soamente garante que en caso de ausencia, coa antecedencia que sexa posíbel segundo o caso:
 - chamará por teléfono á/ao delegada/o e subdelegada/o, que a súa vez iniciarán a cadea de avisos aos/ás seus/súas compañeiros/as;
 - enviará o aviso a través da [aplicación para móbiles CentrosNet](#), dispoñíbel para o alumnado.

7. Control de asistencia do alumnado

- a) O control de asistencia do alumnado comezará o 2 de novembro, data na que estarán dispoñíbeis as listaxes definitivas (agás no caso do alumnado menor, que terá as faltas introducidas na aplicación CentrosNet semanalmente, como se indica no apartado 8 dende o día 30 de setembro). O alumnado asinará a súa asistencia na listaxe de grupo.



- b) O alumnado oficial presencial non poderá superar un número de faltas sen xustificar superior ao 20% das horas totais do curso. De facelo, nos cursos non finais de nivel (1º de básico, 1º de intermedio e 1º de avanzado, así mesmo 2º de básico e 2º de intermedio de chinés e xaponés), perderá o dereito a que se teña en conta a cualificación da proba de progreso do mes de febreiro e á valoración da súa participación nas actividades lectivas. En todo caso, o alumnado terá dereito a realizar a proba final de promoción ou a terminal de certificación ([ORDE do 8 de setembro de 2008, artigo 8](#)).

8. Control de asistencia do alumnado menor de idade

- a) No momento da matrícula as nais, os pais ou titores/as entregarán na secretaría un documento de compromiso de seguimento das faltas de asistencia dos/das seus/súas fillos/as a través de Centros Net.
- b) O profesorado introducirá semanalmente as ausencias do alumnado menor de idade na aplicación Centros Net. Os pais, as nais ou titores/as teñen acceso á aplicación a través da páxina web da E.O.I. de Vigo, menú superior: [Centros Net >instrucións para o alumnado](#).

9. Alumnado con necesidades especiais

- a) Solicitud de adaptación de probas: No momento da matrícula o alumnado deberá cubrir unha folia de solicitude de adaptación de probas de avaliación e entregala na administración do centro, xunto cun informe médico. Non se recollerán solicitudes de adaptación despois do 7 de novembro.
- b) Recoméndase ao alumnado que informe o antes posíbel ao profesorado das súas necesidades reais de adaptación para facilitar o seu seguimento da actividade docente na aula dende o inicio do curso.

10. Avaliación

Lexislación de referencia publicada na web da E.O.I.:

[ORDE do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado, D.O.G do 26 de setembro de 2008](#)

[ORDE do 19 de abril de 2012 pola que se modifica a Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.](#)

10.1. Avaliación nos cursos de promoción¹

Realizaranse as seguintes probas:

¹ CURSOS DE PROMOCIÓN: 1º básico, 2º básico de chinés e xaponés, 1º intermedio, 2º intermedio de chinés e xaponés, 1º avanzado

10.1.1. Proba parcial de progreso

- a) Os departamentos didácticos realizarán esta proba ao alumnado presencial dos cursos de promoción ao finalizar o primeiro cuadrimestre, entre o 30 de xaneiro e o 7 de febreiro. O alumnado deberá informarse co seu/súa profesor/a das datas precisas de cada parte do exame.
- b) A proba parcial de progreso terá un valor total de 100 puntos, e 25 puntos cada unha das súas catro partes: comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita.
A cualificación global desta proba poderá ter un valor porcentual do 30% da cualificación final, segundo as condicións descritas no apartado 10.1.2.

10.1.2. Proba final de promoción

- a) Nos cursos de promoción de nivel o alumnado realizará unha proba final global elaborada polo correspondente departamento, que avaliará o grao de consecución dos obxectivos do curso. Esta proba realizarase ao finalizar o curso, entre o 22 e o 31 de maio, en convocatoria ordinaria e nos primeiros cinco días de setembro en convocatoria extraordinaria.
- b) A proba final de promoción terá un valor de 100 puntos e 25 puntos en cada unha das súas catro partes (comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita).
- c) Para promocionar de curso o alumnado terá que acadar na proba final, polo menos, 15 puntos en cada unha das destrezas. Non obstante o alumnado promocionará de curso cando, non tendo superado unha das destrezas, acade un mínimo de 10 puntos nela e 60 puntos na totalidade da proba.
- d) Unha vez que o alumnado tiña superado esta proba final, a súa cualificación poderá verse incrementada/mellorada de dous xeitos:
 - Se a cualificación global da proba de progreso é superior á da proba final, farase unha media ponderada na que a primeira terá un valor porcentual do 30% e a segunda un valor do 70% restante.
 - A participación do alumnado na aula e a valoración positiva do seu rendemento poderá supor un incremento de ata un 10% da cualificación final do curso.
- e) O punto anterior non será aplicábel para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua por superar o 20% de faltas sen xustificar.
- f) Na convocatoria extraordinaria de setembro o alumnado só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria de xuño. Esta proba terá un valor do 100% para todo o alumnado.
- g) De non obter na convocatoria extraordinaria a cualificación necesaria para promocionar de curso, de acordo co indicado no punto c) anterior, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as destrezas.

- h) As características das probas de promoción e criterios de avaliación figuran nas programacións de curso dispoñíbeis na páxina web da escola, na sección dos respectivos [idiomas](#).

10.2. Avaliación nos cursos de certificación²

10.2.1. Proba parcial de progreso

Os departamentos didácticos realizarán esta proba ao alumnado presencial dos cursos de certificación ao finalizar o primeiro cuatrimestre, entre o 30 de xaneiro e o 7 de febreiro. A cualificación terá unicamente valor orientativo para o alumnado.

10.2.2. Proba final de certificación

- a) Realizaranse entre o 1 e o 23 de xuño, nas datas que indique a Consellería que poderán consultarse na páxina web e nos taboleiros da escola, cando sexan enviadas.
- b) Terá un valor do 100% na cualificación do alumnado.
- c) Terá un valor de 100 puntos e 25 puntos en cada unha das súas catro partes (comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita).
- d) Para superar a proba o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das destrezas.
- e) Na convocatoria extraordinaria de setembro o alumnado só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria de xuño. Esta proba terá un valor do 100% para todo o alumnado.
- f) De non obter a cualificación de apto en todas as destrezas na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as destrezas.
- g) O alumnado que non obteña a cualificación de apto nas probas finais de certificación dos diferentes niveis poderá solicitar unha certificación académica de ter acadado o dominio requirido nalgunha das destrezas que as probas avalíen, segundo o documento recollido no anexo I da Orde de 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación (DOGA do 26 de setembro).
- h) As características das probas de certificación poden consultarse nas guías para o alumnado que publica anualmente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O documento pódese descargar da páxina web da E.O.I de Vigo unha vez publicado.
- i) O alumnado libre terá dereito só a realizar as probas de certificación que se realizarán na convocatoria única de xuño de acordo co establecido na Orde do 19 de abril de 2012 pola que se modifica a Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas

² CURSOS DE CERTIFICACIÓN: Cursos de básico 2, Intermedio 2, avanzado 2 e C1; básico 3 e intermedio 3 de chinés e xaponés; e cursos integrados.

- especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG núm. 82 do 30 de abril de 2012).
- j) As probas finais de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza.
 - k) Os cursos integrados son cursos de certificación para todos os efectos.

10.3 Avaliación no programa That's English!

Cada módulo avalíase nas datas que se publican na páxina web e no taboleiro de That's English!, excepto o módulo 4 que se examinan na proba final de certificación de nivel básico, o módulo 8 que se examina na proba final de certificación de nivel intermedio e o módulo 12 que se examina na proba final de certificación de nivel avanzado. Para maior información, consultar a guía correspondente.

11. Información, comunicación e procedemento de reclamación dos resultados da avaliación

- a) O alumnado poderá consultar os resultados da avaliación das probas de progreso e das probas finais de promoción e certificación a través da aplicación Centros Net. As instrucións para o uso da aplicación poden consultarse a través da páxina web da escola, no menú superior [Centros Net> Instrucións para o alumnado](#) ou na pestana [Consulta de notas \(Centros Net\)](#).
A cualificación do alumnado especificarase como non apto e apto, neste último caso expresarase entre paréntese a cualificación global obtida en números enteiros. As equivalencias a efectos de puntuación numérica son as seguintes: 60-66=5; 67-73=6; 74-80=7; 81-87=8; 88-94=9; 95-100=10.
- b) O alumnado poderá presentar unha reclamación perante a dirección da E.O.I. no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación da nota. A dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación ratificando ou rectificando a cualificación. Para iso, solicitará do departamento o correspondente informe e informará por escrito ao alumnado implicado da resolución adoptada. O procedemento para formular reclamacións está regulado polo artigo nº 7 da [Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado, D.O.G.A. 26 de setembro de 2008](#).

12. Convocatorias, permanencia e asistencia

- a) O alumnado oficial presencial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola lexislación. Logo de esgotadas as convocatorias, o alumnado non poderá cursar as ensinanzas na modalidade presencial, pero poderá inscribirse na modalidade a distancia ou realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.
- b) Con carácter excepcional, poderase autorizar a ampliación nun ano de permanencia nun nivel en supostos de doenza que perturbe significativamente o

desenvolvemento dos estudos ou noutros supostos que merezan igual consideración. Correspóndelle á xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria outorgar a correspondente autorización, logo de solicitude do alumnado, que irá acompañada de xustificación documental.

13. Matrícula

- a) Toda a información relativa ao proceso de matriculación atópase na páxina web, na sección [matrícula](#).
- b) O alumnado poderá solicitar ao centro a renuncia de matrícula ata o 30 de abril. Unha vez efectuada a renuncia, a matrícula non computará para efectos de permanencia no curso e nivel correspondente. O alumnado que renuncie á matrícula e desexe, con posterioridade, continuar os seus estudos nas escolas oficiais de idiomas, deberá someterse de novo ao proceso de admisión.
- c) A renuncia á matrícula non supón a devolución de taxas.
- d) O alumnado que non se incorpore ao curso correspondente nos primeiros quince días lectivos, sen xustificación documentada na dirección do centro, perderá a condición de alumno oficial e a escola poderá dispoñer da súa praza para ser cuberta por outros aspirantes (Circular 3/2012). Dado que o período de matrícula está aberto ata o 11 de outubro, a dirección do centro ampliará o período de incorporación ata o 11 de novembro (10 días dende a publicación das listaxes definitivas do alumnado).
- e) Traslado de matrícula: No caso de necesitar trasladarse de localidade de residencia, o alumnado pode solicitar o traslado de matrícula 'viva' na administración do centro para poder asistir ás clases noutras escolas de idiomas do Estado.

14. Fotocopias

Cando se entreguen as listaxes definitivas (2 de novembro) o alumnado debe mostrarlle ao/á profesor/a na aula o BONO das fotocopias selado e cos seus datos persoais.

15. Biblioteca

- a) Datas de apertura e peche:
 - a. Apertura da sala da biblioteca: 16 de setembro
 - b. Comezo do servizo de préstamos: 7 de novembro
 - c. Remate do servizo de préstamos: 2 de maio
 - d. Devolucións dos últimos préstamos: 2 ao 12 de maio
 - e. Peche da sala da biblioteca: 23 de xuño
- b) O horario de atención figurará no taboleiro que está situado ao lado da entrada e na pestana [Biblioteca > Horarios de atención](#) da páxina web da escola.
- c) A Biblioteca estará atendida polo alumnado colaborador coa supervisión da vicedirección e o/a profesor/a responsábel de biblioteca.

16. Alumnado colaborador na sede central da E.O.I. de Vigo

O alumnado que desexe colaborar co centro pode encher a ficha de inscrición que está dispoñíbel na conserxería do centro e na páxina web da E.O.I. e entregala na secretaría do centro. As modalidades de alumnado colaborador que se detallan a continuación tamén están publicadas na páxina web da E.O.I. na sección de alumnado pero poden facerse outras propostas (obradoiros, etc) que serán estudadas.

16.1. Alumnado colaborador de biblioteca

- a) Destinatarios: Persoas interesadas en manexo de libros e bibliotecas.
- b) Obxectivo: Colaborar no servizo de préstamo da biblioteca.
- c) Periodicidade: 2 horas á semana.
- d) Bolsa: Bolsa de estudos a cargo da Asociación do Alumnado e a Cafetería da EOI, sempre e cando o/a alumno/a sexa socio/a da Asociación de Alumnado e cumpra cun 80% das horas previstas. Entregaranse ao rematar o curso.
- e) Sempre e cando o alumnado colaborador teña cumprido cun 80% das horas previstas, a EOI de Vigo daralle preferencia de elección de horario no curso seguinte.
- f) Recoñecemento acreditativo das horas feitas pola Escola Oficial de Idiomas.

16.2. Alumnado colaborador para o equipo de dinamización lingüística

- a) Destinatarios: Persoas interesadas na dinamización lingüística do Centro.
- b) Obxectivo: Colaborar na organización de actividades e estratexias de dinamización da nosa lingua.

17. Xunta de representantes do alumnado

[O Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia no seu TÍTULO IV](#) regula as competencias e funcións da Xunta de representantes do alumnado, así como as do alumnado delegado de grupo.

- a) A elección do/as delegados/as e subdelegados/as de grupo terá lugar durante os días 2, 3 e 4 de novembro.
- b) O/as delegado/as de grupo serán convocados pola xefatura de estudos o día 15 de novembro para constituír a xunta de representantes do alumnado.
- c) No consello escolar pode haber ata 7 representantes do alumnado elixidos por e entre este colectivo.
- d) A xunta de representantes dispón dun espazo na páxina web da E.O.I. de Vigo, na pestana [Zona Alumnado > Xunta de Representantes](#).
- e)

18. Puntos de información para o alumnado

- a) Conserxería
- b) Administración
- c) Despachos do equipo directivo en horario de atención ao público publicado na web
- d) Páxina web da EOI: <http://www.eoidevigo.org>. (Na sección “Zona de alumnado” atoparán información sobre ofertas de emprego, bolsas e axudas de estudo, etc.)
- e) Correo-e: eoivigo@edu.xunta.es
- f) Taboleiros do centro
- g) Titorías do profesorado e xefaturas de departamento
- h) O alumnado pode acceder á rede WIFI do centro:

SSI: Alumnado
Protocolo: WEP
Contrasinal: 2010EOIwifi10

19. Asociacións de alumnado

- a) A Asociación de Alumnado da EOI de Vigo colabora coa biblioteca da EOI e organiza distintas actividades. Todo o alumnado pode asociarse.
 - Contacto:
 - o correo-e: asociaciondealumnado@hotmail.com
 - o Blog: <http://www.asociaciondealumnado.blogspot.com/>
 - [Facebook da Asociación de Alumnado da EOI de Vigo.](#)
- b) [Asociación de Antigo Alumnado da EOI de Vigo “Porta Aberta”.](#)

20. Cafetería

No semisoto 2 a escola dispón dun servizo de cafetería. A cafetería da EOI colabora coa biblioteca e outras actividades da EOI. Horario: de luns a venres de 8:30 h a 21:00 h.

21. Uso de móbiles durante as actividades lectivas

O apartado 4 do artigo 19 do [Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro \(DOGA 27 de xaneiro\)](#), polo que se desenvolve a [Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar](#) establece para todos os centros de ensino non universitario de Galicia:

“Así mesmo, prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica.”

Sobre este e outros asuntos relacionados coa convivencia no noso centro, o alumnado pode dirixir á dirección do centro suxestións ou achegas, persoalmente ou a través dos seus

representantes, para seren tidas en conta na elaboración do Plan de Convivencia da EOI de Vigo.

22. Horarios de atención

- a) Cargos directivos e das Xefaturas de Departamento:
Os horarios de atención permanecerán expostos na porta da administración e dos departamentos, respectivamente. Tamén na pestana de Información Xeral da páxina web da escola.
- b) Administración do centro:
Secretaría: luns a venres de 9:00h a 14:00h e luns e xoves de 17:00h a 20:00h.
- c) That's English!: todos os días de 9:30h a 14:30h,
Teléfono 986 263 220; e-mail: eoivigo@thatsenglish.com

23. Contacto

Escola Oficial de Idiomas de Vigo, sede central:

Centraliña: 986 260 210 / 986 260 261-
Fax: 986 262 599
Enderezo: Avda. Emilio Martínez Garrido, nº17. 36205 VIGO
Páxina web da escola: <http://www.eoidevigo.org>
E-mail: eoivigo@edu.xunta
Código de centro: 36018941

Sección Cangas

IES Rodeira, Avda. Ourense s/n, 36940 Cangas (Pontevedra)
Teléfono: 986 303 933, Fax: 986 303 954
Correo electrónico: eoivigo.cangas@edu.xunta.es
Blog: www.eoiextensionmorrasso.blogspot.com
Código de centro: 36990112

Sección Coia

IES Alexandre Bóveda (Coia 2), Rúa Cuntis, s/n, 36209 Vigo (Pontevedra)
(fronte á igrexa do Cristo da Vitoria)
Teléfono: 986 292 812, Fax: 986 292 816
Correo electrónico: eoivigo.coia@edu.xunta.es
Código de centro: 36990123

Sección Nigrán

Escolas Proval, Avda. Portugal 171, 36350 Nigrán (Pontevedra)
Teléfono: 886 110 369, 886 110 373, Fax: 886 11 03 74
Correo electrónico: eoivigo.nigran@edu.xunta.es

Código de centro: 36990132

Sección Ponteareas

IES Val do Tea, Rúa Feliciano Barrera 15, 36860 Ponteareas (Pontevedra)
Teléfono: 886 110 513, Fax: 886 110 526
Correo electrónico: eo.vigo.ponteareas@edu.xunta.es
Código de centro: 36990124

Sección Redondela

IES Pedro Florianí, Rúa Pedro Florianí 2, 36800 Redondela (Pontevedra)
Teléfono: 886120413, 886120416, Fax: 886120417
Correo electrónico: eo.vigo.redondela@edu.xunta.es
Código de centro: 36990134

Sección Tui

IES S. Paio, Rúa Casal Aboy s/n (Edif. O Castro), 36700 Tui (Pontevedra)
Teléfono: 886110762, Fax: 886 110 774
Correo electrónico: eo.vigo.tui@edu.xunta.es
Código de centro: 36990113